

## Acordo do Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2025 polo que se aproba a normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador

Preámbulo.....	1
Artigo 1. Capacidade docente.....	2
Artigo 2. Titorización do estudantado.....	3
Artigo 3. Actividade docente mínima.....	4
Artigo 4. Actividades de xestión universitaria.....	4
Artigo 5. Xestión da docencia.....	6
Artigo 6. Outras funcións de xestión e representación.....	7
Artigo 7. Actividades de docencia.....	7
Artigo 8. Actividades de investigación e transferencia.....	8
Artigo 9. Representación sindical.....	9
Disposición adicional primeira. Habilitación.....	9
Disposición adicional segunda. Dispoñibilidade orzamentaria.....	9
Disposición derogatoria.....	10
Disposición final.....	10

### Preámbulo

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario establece no seu artigo 75 o réxime de dedicación do profesorado universitario funcionario nun rango entre un máximo de 240 horas e un mínimo de 120 horas lectivas por curso académico que cada universidade poderá modificar para cumprir as finalidades específicas establecidas neste artigo. Á falta do desenvolvemento normativo desta disposición que haberá de se realizar a través da aprobación duns novos Estatutos, este documento aborda aspectos básicos relativos á actividade do profesorado e a súa repercusión sobre as tarefas docentes presenciais, condicionado polas dispoñibilidades orzamentarias.

Neste documento recóllese a dedicación docente das diferentes figuras do profesorado, as obrigas de atendimento ao estudantado e, sen pretender dar conta de todas as actividades que realiza o persoal docente e investigador, recoñécense as que se queren impulsar para conseguir os obxectivos do Plan estratéxico e mellorar os indicadores externos de avaliación da Universidade.

A aplicación desta normativa non deberá de supoñer cambios no número total de efectivos do persoal docente e investigador, a pesar da dispar repercusión que poida ter nas distintas áreas de coñecemento.

## **Artigo 1. Capacidade docente**

1. A dedicación máxima do profesorado da Universidade da Coruña será de 240 horas, sen prexuízo das dedicacións máximas que se poidan establecer en normativa de rango superior ou a través da negociación colectiva.

2. A capacidade docente de cada figura de profesorado por curso académico é a seguinte:

- a) Catedrático/a de universidade, titular de universidade, catedrático/a de escola universitaria, titular de escola universitaria, profesor/a INEF, profesor/a escola oficial de Náutica, profesor/a contratado/a doutor/a, profesor/a permanente laboral, colaborador/a: 240 horas
- b) Axudante doutor LOU: 230 horas
- c) Axudante doutor LOSU: 180 horas
- d) Profesorado asociado (LOSU): entre 60 e 120 horas
- e) Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo completo (profesorado contratado interino de substitución, profesorado substituto, lectores/as): 240 horas
- f) Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo parcial (profesorado contratado interino de substitución, profesorado substituto, lectores/as, profesorado asociado LOU): entre 60 e 180 horas
- g) Profesorado asociado de Ciencias da Saúde con docencia só clínica/asistencial: 450 horas

3. O persoal investigador en formación contratado con cargo aos programas específicos regulados a través de convocatorias competitivas de carácter público (FPI, FPU, axudas de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia e similares) poderá colaborar na actividade docente segundo as especificacións establecidas nas respectivas convocatorias.

4. O persoal investigador posdoutoral contratado con cargo aos programas específicos regulados a través de convocatorias competitivas de carácter público (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, posdoutorais da Xunta de Galicia, Juan de la Cierva e similares) poderá colaborar na actividade docente segundo as especificacións establecidas nas respectivas convocatorias.

## Artigo 2. Titorización do estudantado

1. O número de horas anuais, distribuídas entre os meses de setembro a xullo, que se deberán dedicar á atención ao estudantado no horario específico dedicado a esta finalidade son as seguintes:

- a) Catedrático/a de universidade, titular de universidade, catedrático/a de escola universitaria, titular de escola universitaria, profesor/a INEF, profesor/a numerario/a EO Náutica, mestre/a de taller ES Mariña Civil, profesor/a contratado/a doutor/a, profesor/a permanente laboral, profesor/a colaborador/a, axudante doutor/a, contratado/a interino/a de substitución a tempo completo, lector/a a tempo completo, profesor/a asociado/a P6, profesor/a interino/a de substitución P6, lector/a P6, profesor/a substituto/a P6: 180 horas
- b) Profesor/a asociado/a P5, profesor/a interino/a de substitución P5, profesor/a substituto/a P5, lector/a P5: 150 horas
- c) Profesor/a asociado/a P4, profesor/a interino/a de substitución P4, profesor/a substituto/a P4, lector/a P4: 120 horas
- d) Profesor/a asociado/a P3, profesor/a interino/a de substitución P3, profesor/a substituto/a P3, lector/a P3, profesorado asociado en Ciencias da Saúde: 90 horas
- e) Profesor/a asociado/a P2: 60 horas
- f) Investigador/a contratado/a posdoutoral: 3/4 da dedicación académica
- g) Investigador/a contratado/a predoutoral: 0

2. Os criterios xerais para o seu desenvolvemento serán os seguintes:

- a) As titorías realizaranse durante o horario de apertura dos centros.
- b) As titorías levaranse a cabo no despacho habitual do/a profesor/a correspondente ou nos espazos que habiliten os centros para este efecto. En ningún caso se poderán desenvolver en edificios ou instalacións alleas á Universidade da Coruña, aínda que o profesorado vinculado ao sistema sanitario e os/as profesores/as asociados/as en Ciencias da Saúde as poderán realizar nos centros sanitarios en que desenvolvan a súa actividade. Poderanse realizar titorías por videoconferencia sempre que se utilicen as ferramentas institucionais.
- c) O/a profesor/a distribuirá as horas de titorías entre os centros en que imparta docencia.
- d) As titorías non coincidirán coas horas docentes asignadas ao/á profesor/a e procurarán axustarse ás quendas de docencia para posibilitar a asistencia do/a estudante.
- e) A fracción mínima de horas de atención ao/á estudante será de 1 hora diaria.

- f) A fracción máxima de horas de atención ao/á estudante será de 3 horas diarias.
- g) O profesorado publicará o seu horario de titorías na aplicación institucional nos prazos establecidos ao inicio de cada cuadrimestre.
- h) Poderanse establecer tres horarios de titorías durante o curso académico:
  - i. Período de actividades académicas docentes do primeiro cuadrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en xaneiro)
  - ii. Período de actividades académicas docentes do segundo cuadrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en maio/xuño)
  - iii. Período de actividades de avaliación da segunda oportunidade

En cada un dos períodos anteriores, deberanse garantir cando menos 2 horas de atención ao alumnado cada semana.

- i) Os criterios específicos dos centros e departamentos non poderán ir en contra do establecido nas seccións anteriores

### **Artigo 3. Actividade docente mínima**

1. Todo o profesorado a tempo completo deberá destinar como mínimo 120 horas da súa capacidade docente ás aulas e á dirección de TFG/TFM. Destas 120 horas, un mínimo de 90 deberáselles dedicar ás aulas.
2. Para os/as decanos/as e director/as de centro, cargos con compensacións asimiladas a estas, directores/as científicos/as ou coordinadores/as de centros tecnolóxicos será de 80 horas. Para o equipo reitoral, coa excepción do reitor/a, será de 60 horas.
3. O/a reitor/a e o/a valedor/a non terán dedicación docente mínima.
4. O establecemento da actividade docente mínima non lle será de aplicación ao profesorado que pertenza aos órganos de representación sindical do PDI.

### **Artigo 4. Actividades de xestión universitaria**

1. As actividades de xestión universitaria recollidas neste artigo só poderán ser exercidas por persoas con contratos a tempo completo.
2. As compensacións por cargo calcularanse proporcionalmente de acordo coas datas de nomeamento e de cesamento, e tomando como referencia o curso académico (do 1 de setembro ao 31 de agosto).
3. Os cargos enumerados neste artigo son incompatibles entre si.

## 4. As compensacións son as seguintes:

Cargo/posto	Compensación
Reitor/a e valedor/a universitario/a	Total
Vicerreitor/a e secretario/a xeral	180 horas
Decano/a, director/a de centro	120 horas
Adxunto/a a reitor/a, a vicerreitor/a, a secretario/a xeral ou xerente/a, director/a da Escola Internacional de Doutoramento, director/a de Campus de Especialización da UDC, delegado/a da CIUG	120 horas
Vicedecano/a, subdirector/a, secretario/a de centro	100 horas
Directores/as e coordinadores/as do Observatorio Ocupacional, Universidade Sénior, Servizo de Publicacións, Oficina de Cooperación e Voluntariado, Oficina para a Igualdade de Xénero, Centro Interdisciplinario de Química e Bioloxía (CICA), Área de Deportes, Oficina de Sustentabilidade, UDC Saudable, Clínica Universitaria de Podoloxía Director/a científico/a do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), director/a científico/a do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), director/a científico/a do Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (CITENI)	80 horas
Director/a de departamento	70 horas
Secretario/a de departamento	50 horas
Director/a do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), subdirector/a e secretario/a da EIDUDC, coordinador/a da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, coordinador/a da Axencia Estatal de Investigación	70 horas
Subdirectores/as ou subcoordinadores/as da Universidade Sénior, CICA, CITIC, OIX Director/a técnico/a do CITEEC e director/a técnico/a do Centro CITENI Coordinador/a de Formación e Asesoramento, coordinador/a de Soporte á Docencia, coordinador/a de Teleformación, adxunto/a á dirección da Universidade Sénior, encargado/a da xestión do buque escola	50 horas

Director/a de instituto universitario, director/a de Cátedra/Aula Institucional Equipo directivo do Centro de Estudos de Xénero e Feministas	25 horas
---	----------

### Artigo 5. Xestión da docencia

1. As actividades recollidas neste artigo só poderán ser exercidas por profesorado a tempo completo.
2. A compensación polas actividades relacionadas neste artigo é incompatible con calquera outra redución por xestión incluída na sección anterior e con recoñecementos da mesma natureza asignados noutro(s) centro(s). Nos casos en que se exerzan simultaneamente funcións diferentes, aplicarase a maior das compensacións, coa excepción das horas de apoio á xestión da docencia que o centro poderá repartir e destinar a reforzar as horas asignadas á coordinación dos títulos ou a recoñecer o apoio noutras tarefas na xestión da docencia.
3. As compensacións son as seguintes:

Actividade	Compensación
Coordinación de titulacións de grao	25 horas
Coordinación de mestrado universitario Itinerario do Mestrado de Secundaria	25 horas 10 horas adicionais se o mestrado é internacional ou interuniversitario, sempre que a UDC actúe como coordinadora
Coordinación de Sección Departamental	10 horas cando a sección agrupe un mínimo de dez profesores/as permanentes a tempo completo
Apoio á xestión da docencia	50 horas
Xestión do Centro de Linguas	25 horas
Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +	20 horas
Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC	25 horas
Xestión dos programas de doutoramento	20 horas

## Artigo 6. Outras funcións de xestión e representación

As compensacións son as seguintes:

Cargo	Compensación
Comité de Ética	150 horas para distribuír entre os seus membros
Xestión do CEMI	120 horas para distribuír
Unidade de Análise de Xestión de Datos	100 horas para distribuír
UDC Saudable Green Campus	60 horas para distribuír entre as persoas colaboradoras
Delegado/a de Igualdade	10 horas

## Artigo 7. Actividades de docencia

As compensacións son as seguintes:

Actividade	Compensación
Docencia en galego	<p>Impartición de docencia en galego por primeira vez, 25 horas no primeiro curso académico e nos dous inmediatamente posteriores, sempre que se acredite que se realiza nun mínimo do 50 % da docencia encargada.</p> <p>Impartición de docencia en galego en graos do Programa de fomento do galego do SUG, 25 horas, sempre que se acredite que se realiza cando menos no 50 % da docencia que lle foi encargada neses graos.</p>
Docencia en inglés	<p>Programa de docencia en inglés: 50 % de redución sobre as horas de dedicación á materia recollidas no POD durante o primeiro curso académico de impartición, un 35 % no segundo curso e un 15 % no terceiro. As reducións repartiranse entre os docentes da materia e terán o límite de 30 horas por docente e curso académico.</p> <p>Programa English Friendly: 5 horas por cada materia cun límite de 10 horas por curso académico.</p> <p>As reducións aplicaranse no curso seguinte ao de impartición das materias.</p> <p>Estas reducións non se aplicarán ás materias cuxa docencia en inglés estea recoñecida no plan de estudos.</p>

	Queda excluído o profesorado que accedese á súa praza nunha convocatoria con docencia en inglés no seu perfil.
Espazo Compartido	80 horas entre o profesorado que colabore con docencia no programa. A imputación farase no curso académico seguinte ao de impartición da docencia.

## Artigo 8. Actividades de investigación e transferencia

- Estes recoñecementos só lle serán de aplicación ao profesorado a tempo completo.
- As compensacións son as seguintes:

Actividade	Descrición/horas	
Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo	<p>Proxectos europeos e internacionais con condicións homologables aos europeos: 60 horas</p> <p>Proxectos estatais ou socio nun proxecto europeo: 40 horas</p> <p>Proxectos autonómicos (grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento, proxectos para equipos emerxentes): 30 horas</p>	<p>Requisitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Que a UDC participe e sexa receptora directa dos fondos.</li> <li>Que o/a investigador/a principal (IP) ou o/a coordinador/a do grupo sexa da UDC.</li> <li>Que fose concedido antes do 31 de decembro do ano anterior ao de elaboración do POD e que teña financiamento nese ano.</li> </ol> <p>A compensación será distribuída proporcionalmente segundo a duración da execución do proxecto. O/a IP repartirá as horas de compensación entre o profesorado a tempo completo que participe no proxecto.</p>
Presentación de proxectos ás convocatorias do programa Horizonte Europa	<p>30 horas se o proxecto é presentado por un consorcio en que o equipo da UDC é o líder</p> <p>20 horas noutro caso</p>	<p>Requisito:</p> <p>O proxecto presentado debe contar con informe positivo da OPI. A exención farase efectiva na elaboración do seguinte POD logo de que se presente o proxecto, sempre que exista unha resolución denegatoria. A repartición das horas será competencia do/a profesor/a responsable de presentar o proxecto.</p>



Dirección de teses de doutoramento	10 horas/ano durante 3 anos por cada tese dirixida. En caso de codirección, as horas distribuiranse proporcionalmente.
Sexenios de investigación ou transferencia	10 horas por cada sexenio concedido. 20 horas por sexenio activo. Máximo: 6 sexenios. Tomarase como referencia o 31 de decembro do ano anterior ao de elaboración do POD.

3. Para a consideración de sexenio activo, non computarán nos sete anos anteriores para obter a avaliación positiva os períodos de tempo dos permisos por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollida; das excedencias por coidado de familiar ou por razóns de violencia de xénero; das baixas por incapacidade temporal (IT) cunha duración igual ou superior a 6 meses; do desempeño dun cargo académico dos recollidos no artigo 22.b dos Estatutos da UDC e asimilados durante un mínimo de 3 anos, sempre que o cargo supoña unha compensación por xestión universitaria igual ou superior ás 120 horas na normativa actual.

Nas situacións de servizos especiais ou suspensión de contrato por excedencia forzosa pola designación ou elección para un cargo público non computará a metade do período, agás para os cargos recollidos no artigo 87.3 do Estatuto do empregado público e 168.3 da Lei do emprego público de Galicia, para os que non computará a totalidade do período.

### **Artigo 9. Representación sindical**

1. O profesorado que pertenza aos órganos de representación sindical do PDI terá dereito á redución docente que establece a lexislación vixente, isto é, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e a normativa en vigor aplicable ao PDI funcionario ou contratado.

2. A representación sindical non ten consideración de xestión universitaria. Para a dedicación docente mínima rexerá o establecido no artigo 3.

### **Disposición adicional primeira. Habilitación**

Habilitase a Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma.

### **Disposición adicional segunda. Disponibilidade orzamentaria**

A aplicación efectiva das compensacións recollidas nesta normativa estará condicionada polas disponibilidades orzamentarias. Na súa aplicación terán

preferencia, en primeiro lugar, as compensacións por actividades de xestión universitaria, en segundo lugar, as compensacións por sexenios e, en terceiro lugar, as restantes.

### **Disposición derogatoria**

Esta normativa derroga calquera outra norma ou disposición previa aprobada polo Consello de Goberno da UDC que afecte ás reducións da dedicación docente por actividades de coordinación, dirección e titorización académica.

### **Disposición final**

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad